

A punta de pistola

Fran Alonso

PREMIO NOVELA POR ENTREGAS LA VOZ DE GALICIA 2012


XERAI S FÓRA DE XOGO (1365149)

144 páxinas

ISBN: 978-84-9914-451-1

P.V.P: 11,35 €

NOVIDADES OUTUBRO 2012



«A PUNTA DE PISTOLA» DE FRAN ALONSO PREMIO DE NOVELA POR ENTREGAS LA VOZ DE GALICIA 2012

MOITA ACCIÓN, PLANOS CINEMATOGRAFICOS, NOVAS TECNOLOXÍAS, O PAPEL DA MULLER E A DESESTRUTURACIÓN SOCIAL, FAMILIAR E EDUCATIVA SON ALGÚNS DOS EIXOS QUE VERTEBRAN ESTA NOVELA QUE ESTÁ BASEADA NUN FEITO REAL.

A punta de pistola ábrese cunha escena de ritmo trepidante: un delinciente de pouca monta, coñecido como O Varas, e a súa muller, Rica, acoden a un Centro de Acolliada Familiar para ver os seus fillos, baixo a tutela dos servizos sociais. Unha vez alí, secuéstros e lévanos a punta de pistola. Así comeza unha frenética fuxida. Ao tempo, outra historia transcorre en paralelo: a dunha camioneira emprendedora, culta e licenciada, que conduce e escribe nun blog. A camioneira, admiradora da vida da fisterrá Celia Rivas, a primeira muller en conducir un camión, en 1932, supón un contrapunto máis intimista á desenfreada fuxida que protagoniza a parella de secuestradores. Moita acción, planos cinematográficos, novas tecnoloxías, o papel da muller e a desestruturación social, familiar e educativa son algúns dos eixos que vertebran esta novela que está baseada nun feito real e logra atrapar os lectores e lectoras.

Fran Alonso (Vigo, 1963) comezou a súa traxectoria pública como escritor hai 20 anos, ao gañar o Premio Blanco Amor de Novela con *Tráiler* (1991). Desde entón o amplo ronsel da súa traxectoria literaria abarca a narrativa, a poesía, a literatura infantil e xuvenil e o xornalismo. En 1994 publicou o libro de relatos *Cemiterio de elefantes* (1994) e logo viñeron a novela *Silencio* (1995), *Territorio ocupado* (1998), *O brillo dos elefantes* (1999), *Males de cabeza* (2001), *Cartas de amor* (2006), *Ninguén* (2011) e *A punta de pistola* (2012) XII Premio de Novela por Entregas La Voz de Galicia, así como as biografías *A vida secreta de María Mariño* (2007), *Folerpas de Novoneyra* (2010) e *A voz que vén da seitura* (libro-CD, 2007), sobre a Señora Carmen. Tamén é autor dos relatos iniciáticos de *A lúa no probador* (1992). Así mesmo, publicou *Un país a medio facer* e *Contesta ou disparo* (e-book, 2011). A súa obra poética deuse a coñecer coa publicación, en 1992, de *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), ao que seguiron *Tortillas para os obreiros* (1996), *Cidades* (1997), *Subversións* (2001), *Balada solitaria* (2004) e *O meu gato é un poeta* (libro-CD, 2011). Tamén é autor de *Poetízate* (2006), desenfadada antoloxía da poesía galega, e dos álbums ilustrados *A casa da duna* (2002), *A araña e mais eu* (2009).